

PRIMEIRO BOLETÍN

V Liga AROMON CHEMA-SPORT 1ª Carreira de orientación

ERMELO, BUEU

Sábado 14 de maio de 2016

"II Copa Concello de BUEU"



Club Montañeiros de Pontevedra - A Roelo

INFORMACIÓN XERAL

¡Empeza a V edición da Liga AROMON Chema-Sport!

A Liga AROMON Chema-Sport é unha iniciativa do "Club Montañeiros de Pontevedra - A Roelo" que ten como premisa fundamental **iniciar** no deporte das carreiras de orientación a todo aquel que o desexe.

A "V Liga AROMON Chema-Sport do 2016" consta de 5 probas ou carreiras.

A primeira carreira da liga será disputada no **Concello de Bueu** (Ermelo) nas modalidades de **orientación a pe** e de **orientación en bicicleta de montaña**.

PROGRAMA PROVISIONAL

10:00 h - **Apertura de recepción.**

10:15 h - **Explicación técnica.**

10:30 h - **Saída dos primeiros corredores.**

¡Non existe hora predeterminada de saída, ésta será "LIBRE"!

12:00 h - **Peche da saída.**

13:00 h - **Peche da meta.**

13:30 h - **Entrega de premios.** "II Copa Concello de Bueu"

MODALIDADES

Existirán duas modalidades de participación: **Orientación a pe (O-PE)** e **Orientación en Bicicleta de Montaña (OBM)**.

Os participantes deberán visitar en orde todo-os controis sinalados no mapa que porporcionará a organización no momento da saída coa única axuda dunha brúxula. O gañador será aquel corredor/a que complete o percorrido especificado sen erros e no menor tempo.

¡Soamente poderán optar a “Copa do concello de BUEU” aqueles corredores que realicen o seu percorrido sen axuda externa!

CATEGORÍAS

Modalidade de O-PE

Iniciación curta (nenos): Percorrido deseñado para que os menores sen experiencia poidan iniciarse no deporte fácilmente. En caso de ser preciso (como medida de seguridade que os adultos responsables deben valorar), poderán realizar o percorrido acompañados de adultos pero non optarán a copa do concello. Percorrido recomendable para facer en familia acompañando os menores.

Iniciación longa (adultos): Percorrido deseñado para os adultos que se inician ou menores con certa experiencia no deporte con ganas de correr e disfrutar.

Infantil (nados no ano 2002 e 2003): Categoría oficial do **programa XOGADE da Xunta de Galicia** para os escolares que se inscriben a través dos centros escolares ou clubs polos medios establecidos no citado programa.

Cadetes (nados no ano 2000 e 2001): Categoría oficial do **programa XOGADE da Xunta de Galicia** para os escolares que se inscriben a través dos centros escolares ou clubs polos medios establecidos no citado programa.

Modalidade de OBM

Iniciación curta (maiores de 16 anos): Percorrido deseñado para maiores de 16 anos que dominan a bicicleta e desexan iniciarse no deporte cun percorrido de pouca dificultade física e técnica.

Iniciación longa (maiores de 16 anos): Percorrido de maior esixencia física para aqueles que desexen iniciarse no deporte.

¡Todos as categorías son mixtas! Compiten homes e mulleres no mesmo percorrido sen distinción algunha.

LUGAR DO CENTRO DE COMPETICIÓN

Cruz de Ermelo en Bueu <https://goo.gl/tLEuix>



CÓMO CHEGAR

Dende Pontevedra pola **PO-551**, desvío hacia Ermelo po **PO-1306** e seguir 4 km ata o destino.



INSCRICIÓN

¡O Prazo de inscrición remata o xoves 12 de maio as 22:00!

Procedemento para escolares inscritos a través do programa XOGADE

Enviar o formulario Excel que se [achega](#) debidamente cuberto a coordinadordeporescolar.po@gmail.com con copia a lachs@aromon.es.

Aqueles centros que por esquecemento non teñan creado o equipo de orientación no deporte escolar, deberán poñerse en contacto previamente co Servizo de Deporte da Xunta de Galicia coordinadordeporescolar.po@gmail.com, para realizar o trámite na web <http://www.deporteescolargalego.com>, creando o equipo e engadindo ao alumnado.

Transporte escolar gratuito proporcionado e xestionado por deporte escolar. Deberase cumplimentar a seguinte solicitude que se [adxunta](#) e será remitida a transporte-xogade.pontevedra@xunta.es cunha antelación mínima de 5 días.

Procedemento para o resto de participantes

Cubriendo o formulario <http://goo.gl/forms/NldTScyq7R>,

Tamén poderá formalizar a inscrición nas oficinas do club Montañeiros (Praza de Curros Enríquez s/n.) en horario de oficina, ou en Chema Sport.

Se ten dúbidas lachs@aromon.es.



PREZO

Programa XOGADE	0,00 €
Nenos de 15 anos ou menos	0,00 €
Federado do club en orientación	0,00 €
Socio do club non federado	2,00 €
Federado FEDO	2,00 €
Non socio de 16 anos ou máis	5,00 €

Para formalizar a inscrición e reservar praza, deberá ingresar o importe da cuota correspondente na conta nº **ES08 2080 5403 40 3040118709** de ABANCA indicando o **nome da persoa ou persoas inscritas**, pagar na oficina do club, en Chema Sport ou no secretariado o día da proba.

Envía o xustificante de pago por correo electrónico lachs@aromon.es

PREMIOS

As 13:30 horas realizarase a entrega de premios da “**II Copa do Concello de Bueu**” aos tres primeiros clasificados da carreira disputada en cada categoría. Recordamos que soamente optan aos premios aqueles deportistas que realicen o seu percorrido sen axuda externa.



CLASIFICACIÓN PUNTUABLE PARA A LIGA AROMON

A proba é puntuable para a liga anual do club cos seguintes criterios:

1. A premisa fundamental é a participación.
2. Estará diante na clasificación quen teña participado en maior número de probas.
3. En caso de empate, o segundo criterio será o tempo empregado. Estará diante na clasificación quen complete as probas nun tempo menor ou suma de tempos menor.

INFORMACIÓN TÉCNICA

MAPAS

MODALIDADE O-PE: "ERMELO"	
	<p>Localidade: Bueu</p> <p>Cartógrafo: Iván Mera (2015)</p> <p>Nº Rexistro FEDO: PO-1647-15</p> <p>Escala do mapa: 1:10000</p> <p>Equidistancia: 5 m</p> <p>Descrición do terreo: Bosque con extensa rede de sendas con desnivel moderado, áreas de roble dal antigo e de eucalipto con vexetación rastreira. Presenza de elementos rocosos de gran tamaño.</p>
MODALIDADE OBM: "ERMELO"	
	<p>Localidade: Bueu</p> <p>Cartógrafo: Ángel Álvarez Serto (2015)</p> <p>Nº Rexistro FEDO: Sen rexistrar</p> <p>Escala: 1:15000</p> <p>Equidistancia: 5 m</p> <p>Descrición do terreo: Bosque con ampla rede de camiños de diferente ciclabilidade con desnivel moderado a alto.</p>

O mapa de Ermelo na modalidade O-PE foi usado polo club AROMON no Campionato Ibérico feminino disputado no ano 2015 en Pontevedra e como mapa de adestramento do recente Campionato de España de Orientación CEO2016. Tamén foi usado pola Federación Española de Orientación no seu concurso anual de trazados do 2016.

[Adestramento CEO 2016](#)

[Concurso de trazados FEDO 2016](#)

TRAZADORES

Modalidade O-Pe: **José Antonio Ricoy Bugarín.**

Modalidade OBM: **Ricardo Figueroa Fernández.**

PERCORRIDOS

Pendente de publicar en posteriores boletíns.

INFORMACIÓN DE SEGURIDADE

1. Debes **presentarte na Secretaría** ao chegar.
2. Na saída recorda: **limpar e comprobar** a pinza SportIdent.
3. O número de tarxetas SportIdent do club é limitado, unha vez as mesmas se esgoten, os deportistas levarán tarxeta clásica no percorrido e o cronometraxe será manual para os mesmos.
4. É **obligatorio pasar por meta e despois efectuar a descarga da tarxeta Sportident en Secretaría**, aínda que se produza o abandono, para que este feito conste á organización.
5. Para a realización do percorrido, o competidor pode contar coa axuda dunha **brúxula** (se non tes deixaremoste unha), ademáis do **mapa aportado pola Organización**.
6. Aqueles inscritos nas categorías de OBM deberán levar unha bicicleta de montaña en boas condicións de mantemento para a realización da proba, así como o material básico de reparación que consideren oportuno.
7. Ningún corredor poderá tomar a saída nas categorías de OBM sen o casco homologado e é recomendable levar algún tipo de soporte para o mapa.
8. Algún exemplo de portamapas de fabricación caseira [aquí](#).
9. No bosque podemos atopar mais xente paseando ou circulando, rogase os participantes das categorías de OBM precaución.
10. E recomendable levar roupa cómoda que cubra todo o corpo e unha muda de reposto. Non existen duchas nin vestiarios na zona de competición.
11. A maleza fora dos caminos podería ser considerable nalgunha zona do percorrido polo que recomendamos protección.
12. A competición baséase no RESPETO:
 - Á **natureza**.
 - Aos **cultivos y propiedades privadas**.
 - Aos outros **competidores**.
 - As **indicacións do persoal da organización**.

¡DEBERASE OFRECER AXUDA A CALQUEIRA PARTICIPANTE MANCADO!

ENTIDADES COLABORADORAS



CONCELLO DE
PONTEVEDRA



Casino Mercantil e Industrial
Pontevedra

MÁS INFORMACIÓN:

<http://aromon.es/eventos/ori/lachs/>

